

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA.

RESPOSTAS ÁS CONSULTAS DOS CONCURSANTES

VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACTUACIÓN

- 1. ¿Na primeira fase do concurso hai que achegar algunha valoración económica de custos? Se fose afirmativo, ¿qué nivel de definición se require?**

Como se indica nas bases, a estimación económica deberase achegar na segunda fase do concurso. Na primeira fase non é obrigatorio. A definición na segunda fase será a que se establece no punto 6 do prego de condicións técnicas.

- 2. ¿Hai un límite de presuposto? Sería máis atinado para os concursantes.**

Ver punto 6 do prego de condicións técnicas.

SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN

- 1. ¿É posible que nos fagan chegar, ou poder descargar na web, o arquivo informático que xerou a imaxe en 3 D "Imagen_3D_Ence_Pontevedra.pdf"?**

Incorpórese na web do concurso un ficheiro .dwg que contén o debuxo en 3D da planta.

- 2. ¿Poderían facilitar unha sección e unha planta das instalacións sobre plano topográfico en formato .dwg?**

A documentación achegada considérase abonda para o obxectivo do concurso.

- 3. Respecto á documentación gráfica, ¿é a única que se vai distribuír?, ¿non hai perfís nin cortes?, ¿non hai unha planta co ámbito, a envolvente?**

No se dispón desa documentación.

4. ¿Non hai unha planta con curvas de nivel o con cotas?

Non se dispón desa documentación.

5. ¿Non hai fotos dende unha perspectiva global, é dicir, que sexan máis panorámicas?

Non se dispón desa documentación. As fotografías que se achegan coa documentación do concurso son as que só se poden tomar dende o interior da planta.

6. A información subministrada parécenos escasa e confusa para facer unha actuación con rigor, sería interesante que a aumentasen.

A documentación achegada considérase suficiente para o obxectivo do concurso.

7. Referente ao concurso para a integración arquitectónica e paisaxística da súa fábrica de Pontevedra, gustaríanos obter planos en formato .dwg das proximidades á fábrica que integren polo menos as localidades de ponte Muíños, Igrexa, Agrovello, Meán, Lourizán, Rial e Outeiro, Estribela, etc... e ao ser posible que conteña plano de topografía e hidrografía.

Non se dispón desa documentación.

8. Referente ao concurso para a integración arquitectónica e paisaxística da súa fábrica de Pontevedra, interesaríanos obter, se está dispoñible, o debuxo en 3Dimensións da fábrica en formato DWG.

Incorporouse na web do concurso un ficheiro dwg que contén o debuxo en 3 d da planta.

9. ¿Podedes adxuntar en formato DWG o 3D que nos destes nas bases en formato PDF? Facilitaría moito o traballo.

Incorporouse na web do concurso un ficheiro dwg que contén o debuxo en 3 d da planta.

10. Non podo abrir o plano de planta, en dwg, porque utilizo un programa distinto a Autocad que é capaz de importar os arquivos dwg, pero soamente os que proveñen de versións Autocad 2004 ou anteriores.

Por iso solicítolles se me poderían remitir o devandito plano de planta en versión 2004 ou anterior.

A documentación dispoñible é a que se encontra na web do concurso.

INSCRICIÓN

- 1. Interesaríame saber os pasos que hei de seguir para inscribirme e as condicións que poñen para poder participar nel.**

Non é necesaria inscrición previa. Ver punto 5 do prego de condicións administrativas e resto do prego.

- 2. En relación ao concurso de arquitectura e paisaxe convocada por ENCE. ¿É necesaria a inscrición previa?**

Non é necesaria inscrición previa. Ver punto 5 do prego de condicións administrativas.

VISITA ÁS INSTALACIÓNS

- 1. Para elaborar o traballo sería importante ter a posibilidade de visitar as instalacións. Queremos saber se iso é posible e como se pode organizar.**
- 2. ¿Sería posible acceder ás instalacións para poder coñecer de preto o proceso de produción?**
- 3. ¿Vaise realizar visita ás instalacións?**
- 4. Realizaredes un visita á fábrica? así sería máis doado entender as problemáticas para poder afrontar mellor a proposta.**

Estase a organizar unha visita para o día 21 de febreiro.

A visita comezará ás 9.45 h.

Consistirá en:

- 1 Explicación sobre o funcionamento da fábrica e/ou as súas diferentes zonas.
2. Percorrido polas instalacións.

Información de interese sobre a visita

1. Os asistentes deberán preinscribirse enviando un correo electrónico indicando nome + DNI.
2. Por cada despacho de arquitectos debe haber polo menos un arquitecto titulado durante a visita.
3. Dispoñeremos dun fotógrafo e faremos todas as fotografías que soliciten. Despois colgarémolas na web. Pero prohibimos a realización de fotografías nas instalacións durante a visita

COLEXIACIÓN

1. Gustaríame participar no concurso. ¿É necesario estar colexiado?

Non é necesario estar colexiado. Si dispoñer da titulación necesaria.

2. Son arquitecta, e gustaríame participar no concurso. É necesario estar colexiado, ou que polo menos un membro do equipo o estea? Pois entendo que, en caso de resultar gañadora, podería en calquera momento colexiarme para visar o proxecto.

Non é necesario estar colexiado. Si dispoñer da titulación necesaria.

3. En canto aos requisitos técnicos: ¿Ten que, obrigatoriamente, formar parte do equipo un arquitecto?

Ver punto 3 do prego de condicións administrativas.

LÍMITE DE ACTUACIÓN

1. O límite da zona de proxecto vén representado por unha liña denominada "Liña de actuación". Existe outra liña sinalada en cor vermella denominada "Liña de Expropiación". En certas zonas a liña de Expropiación invade a zona de actuación. Polo tanto, ¿a zona de actuación encóntrase delimitada pola

"Liña de actuación" e pola "Liña de Expropiación" nos casos onde esta última abarca zonas da "Liña de actuación"?

A área de actuación é a contida pola liña discontinua que se encontra na capa "área de actuación".

- 2. O límite de actuación que se reflicte na planta actual non é estrito, xa que non se corresponde cos límites da estrada definida no plano. Agradeceríamos maior rigor para realizar un bo exercicio.**

A área de actuación é a contida pola liña discontinua que se encontra na capa "área de actuación".

EDIFICACIÓNS EXISTENTES

- 1. ¿Débense respectar todas as edificacións existentes ou polo contrario existen algunhas en desuso ou temporais que poidan eliminarse?**

Débense respectar.

- 2. ¿Existe algunha zona que poida cambiar de uso? O débese respectar o uso actual en todos os casos?**

Os usos actuais deben respectarse.

- 3. ¿Formúlase algún cambio a curto ou longo prazo na planta (do tipo: aumento da altura das chemineas, construción de oficinas nova, depósitos, estradas, etc.)?**

É posible que se produzan cambios vinculados ao funcionamento da fábrica, aínda que estes, no caso de producírense, non son relevantes para o obxecto deste concurso.

- 4. ¿Onde se localizan as zonas de evacuación e saída de emerxencia das instalacións e do recinto?**

Non é relevante para o obxecto do concurso.

- 5. Cales son os diferentes pasos por onde circulan os vehículos, a maquinaria e os peóns?**

Os viais están grafiados na planta.

6. ¿Onde se localiza a maquinaria en funcionamento e a estacionada?

As instalacións son as reflectidas en planta.

7. ¿Cales son as dimensións da maquinaria utilizada nas instalacións?

Non é relevante para o obxecto do concurso.

8. ¿Como se realiza a comunicación entre as diferentes instalacións?

Os viais están grafiados na planta.

9. ¿Novas edificacións ou ampliacións non están permitidas. Admítense pequenos movementos de terra?

Si.

10. ¿Referente á iluminación, ¿existe normativa acerca do tipo de iluminación a instalar, en canto a cor, zonas a iluminar, tempo de arranque das luminarias, iluminación de seguridade...etc?

Non é relevante para o obxecto do concurso.

11. ¿Cal é a función das balsas situadas no bordo do soar xunto á ría?, ¿hai diferenzas entre unha balsa e outra?

Unha das balsas é utilizada durante a última fase do proceso de depuración e tras o paso do efluente líquido pola depuradora. As restantes non teñen funcións relacionadas co proceso industrial.

12. ¿Algún dos elementos da instalación está actualmente en desuso?

Non existen elementos en desuso que teñan relevancia para os efectos do presente concurso.

13. ¿Ata que punto se pode intervir nas pre-existencias?

Pódese actuar nas envolventes mantendo a funcionalidade das instalacións.

CONTIDO DAS PROPOSTAS

- 1. ¿Hai que privilexiar o tratamento da fachada norte (principal) sobre a fachada sur?**

Esa decisión forma parte da reflexión que se solicita aos concursantes.

- 2. ¿Debemos de enfocar a estratexia dende o punto de vista que se vai conservar o itinerario actual da autovía existente?**

O obxecto do concurso é a presentación de propostas de integración da planta actual coas características actuais.

- 3. ¿Por qué non se pode dar usos para a sociedade na fábrica "edificar"? sería unha boa forma de integrar a sociedade en ENCE.**

Forma parte das decisións de proxecto que lles corresponde aos concursantes adoptar.

FORMA DE PRESENTACIÓN

- 1. ¿Cal é o número máximo de láminas en formato DIN A3 que se pode entregar?**

Non hai un número máximo, aínda que só poderán reproducir o contido dos paneis A1, polo que recomendamos que sexan 3 A3.

- 2. ¿Onde están dispoñibles os anexos?**

No prego de condicións administrativas.

PREMIOS

- 1. ¿Haberá algún tipo de compensación económica para os 5 proxectos seleccionados?**

Ver o punto 9 do prego de condicións administrativas. Á segunda fase pasarán 5 proxectos dos cales 2 recibirán primeiro e segundo premio e o resto poderán ser premiados cun máximo de tres accésits.